

Xestióna:

Curso 2020-2021

Empresa Prestataria Servizo:



CEIP RECIMIL



SITUACION EXCEPCIONAL COVID19

NOME E APELIDOS DO ALUMNO/A:

Grid for student name and surnames

CURSO QUE REALIZA:

Form for course selection: INFANTIL (4º, 5º, 6º), PRIMARIA (1º, 2º, 3º, 4º, 5º, 6º), DATA DE NACEMENTO

DOMICILIO DO ALUMNO/A: Grid for address

LOCALIDADE: Grid for locality, C. Postal: Grid for postal code

DATOS PERSOAIS DO TITOR/A 1

RELACION CO ALUMNO/A: NAI, PAI, TITOR/A, DNI, NACIONALIDADE

NOME E APELIDOS: Grid for tutor name and surnames

T.fixo, T.móbil, E.mail: Grids for contact information

* Encher o seguinte apartado só se o domicilio do titor/a non coincide co do alumno/a,

ENDEREZO: Grid for tutor address

LOCALIDADE: Grid for locality, C. Postal: Grid for postal code

DATOS PERSOAIS TITOR/A 2 (en caso de habelo)

RELACION CO ALUMNO/A: NAI, PAI, TITOR/A, DNI, NACIONALIDADE

NOME E APELIDOS: Grid for tutor name and surnames

T.fixo, T.móbil, E.mail: Grids for contact information

DETALLE DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR SOLICITADO

1. XANTAR Opción Fixo/a: Grids for meal schedule and start date

2. ALMORZO Opción Fixo/a: Grids for meal schedule and start date

HORA DE RECOLLIDA. SERVIZO DE XANTAR 15.30h, 16.00h

* A hora de recollida para este servizo será ás 15.30h. Para facer uso da quenda de recollida das 16.00h, o/os titor/es deberán presentar unha acreditación que xustifique a necesidade.

ALERXIA ou INTOLERANCIA ALIMENTARIA (É necesario xustificante ou informe médico actualizado)

SI, NON, Alimentos: Grid for allergy information

DATOS BANCARIOS DO/A PAGADOR/A DO SERVIZO

IBAN, ENTIDADE, SUCURSAL, D.C., Nº. CONTA, Titular da conta: Grids for banking information

SWIFT BIC, (En caso de non coñecelo, deixar en branco), DNI Titular, si non titor/a: Grids for SWIFT and DNI

En, a, de, de 2020: Grids for date

Firma do/a Titular da conta

Nota Importante: Xunto con esta ficha, e dacordo coa nova Normativa europea en materia de protección de datos que entrou en vigor o 25 de maio de 2018, deberá completar e asinar o documento "Información sobre o tratamento de datos persoais" facilitados a Serunion SA ao dorso desta mesma folla. Esta ficha non terá validez sen a presentación do mesmo.

Teléfono Atención ás familias 630 363 844

www.serunion-educa.com



SITUACION EXCEPCIONAL COVID19

É un pracer para Serunion saudarlles como empresa prestataria responsable do servizo de comedor e almorzo no seu centro para este inicio de curso marcado por novos protocolos debido ó COVID19.

1. Se desexa efectuar a alta para o **curso 2020-21, deberá completar esta ficha** que está á súa disposición na web do seu céntrro e na web de Educación do Concello de Ferrol e facela chegar a Serunion por email a galicia@serunion.elior.com ou por fax (nº 986454013). Rogámoslle que **lea atentamente e que asine** nos lugares indicados expresando a súa conformidade. De seguido, detallamos as normas de funcionamento:
2. O teléfono que SERUNION ten a disposición dos usuarios é o **630 363 844**. O horario de atención é **de luns a xoves de 09:30 h a 14.00 h. e de 15.00 h a 18.00 h, os venres só en horario de mañán**. No verán (do 01/07 ao 31/08) só en horario de mañán. En ningún caso se atenderán SMS. Por outro lado, **tamén pode contactarnos por correo electrónico no noso email galicia@serunion.elior.com**
3. **Tarifas e cobro dos recibos:**

Prezos aprobados para o curso 2020-2021

Xantar	Custo fixo para as familias	3,59 €
	Custo mínimo a asumir pola Concellería de Educación do Concello de Ferrol	1,92 €

Almorzo	Custo fixo para as familias	1,84 €
	Custo mínimo a asumir pola Concellería de Educación do Concello de Ferrol	2,03 €

Todo-los prezos incluen I.V.E.

*** En caso de que o custo final dos servizos supere os custos detallados, a Concellería de Educación do Concello de Ferrol asumirá a diferenza ata completar o custo total de cada servizo.**

Non se contempla a contratación dos servizos na modalidade de uso esporádico, só por contratación fixa indicando os días de asistencia.

Só se contempla a modalidade de contratación fixa para poder establecer grupos estables de usuarios/as nos servizos. Respetaranse as distancias de seguridade establecidas nos portocolos, o que pode dar lugar ó desdobre en dúas instalacións diferentes dos usuarios/as dos servizos. Este desdobre farase en función do volume global de inscricións.

O cobro do recibo é mensual e realizarase entre o día 10 e 15 do mes seguinte ao do servizo. O importe mensual do recibo é o resultado de multiplicar o número de días de contratación do/a alumno/a polo prezo dos servizos (almorzo, xantar ou almorzo máis xantar).

4. SERUNION non ten ningunha competencia na asignación e/ou obtención de becas ás familias, pero sí se deducirán nos recibos mensuais dos pais ou nais as bonificacións adicionais acordadas pola Concellería de Benestar do Concello de Ferrol nos casos que así corresponda.
5. Non se poderá facer uso do servizo de comedor mentras non se teña entregado a ficha debidamente cuberta e asinada nin tampouco con recibos pendentes de pago. Para iniciar os servizos dende o primeiro día lectivo, a ficha deberá ser enviada ata o **04 de setembro**. Calquera alta nova deberá entregar a ficha debidamente cumprimentada 72h antes da necesidade de inicio do primeiro servizo contratado.
6. Este servizo de Serunion para o Concello de Ferrol, dispón dunha páxina web onde os/as usuarios/as poderán acceder. A páxina é www.serunion-educa.com e nela poderán atopar todo tipo de artigos de información nutricional, ademais de novas de Serunion e as iniciativas que se poñerán en acción. Tamén poderán facer diversas xestións, como verificar e modificar datos de usuario/as e titores/as e consultar recibos pendentes de pagamento. Para poder acceder ao portal é necesario rexistrarse e estar dado de alta na nosa base de datos co correo electrónico.



INFORMACIÓN SOBRE O TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS

Desde o día 25 de maio de 2.018, é de aplicación a normativa europea en materia de protección de datos de carácter persoal (RGPD). É por iso que che facemos chegar esta comunicación, para informarche con todo detalle sobre os tratamentos de datos persoais levados a cabo por SERUNION S.A.U. con CIF A-59376574 (en diante, SERUNION), na súa condición de Responsable de Tratamento dos mesmos.

É o noso obxectivo tratar os teus datos con total transparencia e achegando sempre as maiores garantías de confidencialidade e seguridade.

SERUNION designou un Delegado de Protección de Datos, ao cal podes dirixirche en calquera momento para consultar calquera dúbida sobre o tratamento dos datos persoais mediante correo electrónico a lopdp@gruposerunion.com

Con qué finalidades trataremos os datos?

Os datos persoais que nos facilites, así como os do teu fillo/a ou tutelado/a, serán tratados coa finalidade de xestionar todos os aspectos da prestación do servizo contratada, incluíndo a organización do servizo e a xestión administrativa do mesmo. A base xurídica para os devanditos tratamentos de datos é a execución do servizo contratado.

Así mesmo, os teus datos poderán ser tratados coa finalidade de remitirche, por calquera medio incluíndo o electrónico, información sobre os servizos prestados por SERUNION. A base xurídica do devandito tratamento é o interese lexítimo de SERUNION de manter informados os seus usuarios sobre os seus servizos. Podes opoñerche, en calquera momento, ao tratamento dos teus datos para o envío de comunicacións sobre servizos de SERUNION mediante correo electrónico dirixido a lopdp@gruposerunion.com

Cómo tratamos os datos de saúde?

No caso de que o teu fillo/a ou tutelado/a teña algunha alerxia ou intolerancia é imprescindible que nolo comuniques de maneira que podamos garantir que recibe a atención necesaria. Os datos serán utilizados unicamente coa finalidade de adecuar os servizos á súa condición e serán eliminados unha vez finalizado o servizo contratado.

Durante canto tempo conservaremos os datos?

Os teus datos serán conservados durante o período de prestación dos servizos e, unha vez finalizada, conservaranse, debidamente bloqueados, durante todo o tempo en que resulte necesaria a súa conservación para atender aos requirimentos legais aplicables. Devandito prazo de conservación determinarase en base á lexislación aplicable en cada momento. As imaxes captadas durante a prestación do servizo e accesibles na app Educa serán borradas unha vez finalizado o curso escolar.

Con quen compartiremos os datos?

Os teus datos poderán ser comunicados a terceiros cando sexa necesario para o correcto desenvolvemento e control dos servizos (por exemplo, a entidades bancarias) ou cando unha lei así o requira. A base xurídica para as devanditas cesións é a existencia da relación mercantil, así como o cumprimento das posibles obrigacións legais derivadas da mesma.

Cómo protexemos os datos?

SERUNION está comprometida coa seguridade da información e definiu políticas de seguridade e procedementos para garantir a confidencialidade dos teus datos. Podemos contratar a terceiros determinados servizos que poden supoñer o acceso e/ou tratamento de datos persoais, pero, en todo caso, esíxese que os terceiros cumpran coa lexislación vixente e coas nosas políticas de seguridade, debendo garantir o uso da información conforme ás instrucións de SERUNION e debendo implantar as medidas técnicas e organizativas apropiadas para garantir a confidencialidade da información.

Cales son os teus dereitos en materia de protección de datos?

En calquera momento, podes exercer os teus dereitos dirixíndoche ao Delegado de Protección de Datos na dirección electrónica indicada. En particular, podes solicitar o acceso aos datos persoais, solicitar a rectificación de calquera dato inexacto, solicitar a supresión dos teus datos persoais, solicitar a limitación do tratamento, así como solicitar a portabilidade dos mesmos, sempre nos termos previstos na lexislación vixente. Así mesmo, cando a base xurídica para o tratamento sexa o interese lexítimo de SERUNION, poderás exercer o teu dereito de oposición ao tratamento dos datos persoais. Tamén che informamos da opción de presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos, en caso de considerar que se cometeu unha infracción respecto ao tratamento dos teus datos persoais.

Desexas renovar automaticamente o servizo?

No caso de que nos autorices, procederemos a renovar de maneira automática o servizo durante os seguintes períodos escolares, en tanto desexas que o teu fillo/a ou tutelado/a sexa usuario do comedor escolar. Se aceptas a renovación automática, necesitamos que, no seu caso, comuniquesnos calquera cambio que poida producirse, sobre os datos necesarios para a correcta prestación do servizo e para a correcta facturación do mesmo.

En calquera momento poderás cancelar a renovación automática, dirixíndote a galicia@serunion.elior.com

Acepto o tratamento de datos persoais nos termos citados imprescindibles para o servizo

Sí

Non

Acepto a renovación automática do servizo

Sí

Non

Firma Titor/a:

Nome e apelidos: _____

D.N.I: _____